

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ E MANTEMENTO DA FUNDACIÓN.

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE:

Dunha parte, a consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, "a Consellería") e no seu nome e representación, José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Fundación Curros Enríquez, con NIF G32322315, (en adiante a Fundación) e no seu nome e representación Antonio Puga Rodríguez, na súa condición de presidente da Fundación Curros Enríquez, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de levar a cabo actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo dar a coñecer a obra de Curros Enríquez e estudar os seus aspectos máis innovadores e menos públicos. Curros Enríquez foi un poeta dos máis aclamados da súa xeración. Autor de numerosas obras en lingua galega, forma parte, xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, do movemento chamado Rexurdimento da literatura galega, de finais do século XIX.

A súa obra transcende máis alá da súa poesía e céntrase durante gran parte da súa vida no xornalismo. Prestixioso redactor de *El País* e *A Gaceta de Madrid*, o seu cometido informativo levouno a exercer como correspondente de guerra no País Vasco durante a terceira guerra carlista, escribindo unha serie titulada *Cartas del Norte* que publicou no diario *El Imparcial*. Despois dun regreso temporal á súa Galicia natal como funcionario de Facenda en Ourense, finalmente viaxaría a Cuba asentándose na Habana, onde funda o semanario *La Tierra Gallega* chegando a traballar tamén en *El Eco de Galicia* así como no *Diario de la Marina*.

Para o cumprimento destes fins a Fundación conta coa seguinte programación:

Realización do programa escolar "Ven coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio", de roteiros culturais por Celanova e os seus arredores; xornada de convivencia "Curros Enríquez" en Celanova; entrega do XLII Premio "Celanova, casa dos poetas"; ludoteca para os máis pequenos; presentación de libros e audiovisuais; exposicións e encontro de xornalismo, entre outras.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.-OBJECTO

É obxecto deste convenio a realización de diversas actividades culturais durante o ano 2026 que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez e outros autores vencellados á vila de Celanova, así como o mantemento da entidade.

SEGUNDA.-ACTUACIÓNS

As actuacións para acadar os obxectivos deste convenio son:

1-PROGRAMA ESCOLAR "VEN COÑECER A CELANOVA DE CURROS E CELSO EMILIO"

Trátase dun percorrido guiado pola vila de Celanova a través dos textos dos escritores nativos, ofrecendo as visitas programadas á Casa dos Poetas, ó Mosteiro de San Rosendo e a Vilanova dos Infantes, onde se visita a Torre da Homenaxe e a Cova de San Vivián. Tamén se ofrece desde a Fundación a realización de actividades alternativas (visitas, concertos didácticos...).

Este programa complementábase ademais coa escolla de varias opcións que permiten adaptarse mellor ás peticións de cada grupo en canto a horarios e contidos, como son a realización dun percorrido literario urbano guiado.

Tamén se ofrece desde a Fundación a realización de actividades alternativas como a visita ó xacemento castreño de Castromao e se colabora na promoción dos concertos didácticos de órgano organizados no mosteiro de San Rosendo o que resulta un programa de sumo interese xa que abrangue varios ámbitos educativos como son a literatura, a música, a historia e a arte.

2- ROTEIROS CULTURAI S POR CELANOVA E OS SEUS ARREDORES

A Fundación Curros Enríquez promove a realización de roteiros culturais entre distintos colectivos. Neste ano 2026 vaise traballar coa literatura de Celanova a través dos autores máis recoñecidos como son Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, Roteiro 'Celanova: pedra e poesía' e 'Celanova: un paseo pola historia de Galicia'.

3.- ENTREGA XLII PREMIO "CELANOVA, CASA DOS POETAS"

O domingo seguinte ao aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro, celébrase anualmente o acto da entrega do premio "Celanova Casa dos Poetas". Consiste na recepción do premiado e convidados na casa do Concello e ofrenda floral diante do monumento de Celso Emilio Ferreiro con presentación do acto e

palabras de recibimento por parte do Presidente da Fundación. Unha persoa coñecedora da obra de Celso Emilio é a encargada de facer unha pequena intervención sobre o poeta e remata o acto de homenaxe un recital amenizado por un grupo de música.

4.- LUDOTECA PARA OS MÁIS PEQUENOS

A Fundación Curros Enríquez organiza ao longo do ano obradoiros destinados aos máis pequenos da vila para o fomento da lectura. Ademais de obradoiros de traballos manuais tamén se realizan contacontos musicais.

Para o verán tamén se retomará para un público familiar un xogo de pistas sobre a figura de Manuel Curros Enríquez e as visitas guiadas por Vilanova dos Infantes, ademais das subidas á Torre das Campás.

5.- PRESENTACIÓNS DE LIBROS E AUDIOVISUAIS Xaneiro-décembro

A Casa dos Poetas acolle durante todo o ano a presentación das novidades editoriais e de audiovisuais vinculadas principalmente con Celanova. Tamén se acollerán todo tipo de presentacións de obras literarias ou de divulgación.

6. EXPOSICIÓNS Xaneiro-décembro.

O segundo andar da sede da Fundación Curros Enríquez destínase para a acollida de mostras temporais de fotografía, pintura ou escultura. Darase prioridade as mostras cun contido literario ou ben relacionado coa vila de Celanova e a súa veciñanza.

7-XORNADA DE CONVIVENCIA 'CURROS ENRÍQUEZ' EN CELANOVA

Anualmente trátase de promover a celebración dunha xornada de convivencia cos centros de toda Galicia que leven o nome do poeta Manuel Curros Enríquez. Nela participarán os centros CEIP Curros Enríquez de Ourense, A Coruña, Celanova e o CPI de Pazos de Borbén.

En 2026 tamén está prevista unha xornada na cidade da Coruña onde visitaremos o CEIP Curros Enríquez da Coruña e a exposición permanente que teñen alí sobre o poeta e o cemiterio de San Amaro onde realizaremos unha lectura de poemas.

8) ENCONTRO DE XORNALISMO

Inclúe sesións de debate e conferencias sobre o xornalismo e a figura de Manuel Curros Enríquez como xornalista de guerra.

9.- GASTOS DE MANTEMENTO DA FUNDACIÓN

Estas actuacións realizaranse de conformidade a desagregación dos gastos que se recollen no Anexo I. Non obstante poderán realizarse modificacións entre actividades de ata o 25% do gasto subvencionable sempre que se cumpran todos os obxectivos establecidos e se acorde previamente pola comisión de seguimento. Non se poderá modificar o gasto asinado á partida correspondente aos gastos de mantemento da Fundación.

TERCEIRA.-XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA COMPETITIVA

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto é a Fundación un referente exclusivo da vida e obra do autor, e polo tanto, a única que pode desenvolver as devanditas actividades na nosa comunidade autónoma.

Por todo o anterior é a Fundación a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

CUARTA.-COMPROMISOS DA CONSELLERÍA. FINANCIAMENTO

A Consellería, comprométese a entregarlle á Fundación a cantidade de 15.000 € como contribución para a realización das actuacións culturais recollidas na estipulación segunda deste convenio e mantemento da entidade; esta achega financiarase, con fondos propios, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026:

-13.03.432B.481.2: 5.000 €

-13.03.432B.781.1: 10.000 €

Esta cantidade de 15.000€, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a

Consellería, poderá realizar pagamentos anticipados que suporán achegas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se achegará como pago anticipado será de 9.000 € (4.000€ que corresponderá aos gastos de funcionamento da Fundación e 5.000€ que corresponderá aos gastos derivados das actuacións de carácter cultural).

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, segundo o previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, ou sexa 12.000€. O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se preveza a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.-COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

A Fundación comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, a Fundación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 20,1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Fundación comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tal como se recolle no apartado d) deste artigo, a Fundación ten a obriga de comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto

11/2009, do 8 de xaneiro, Regulamento de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Fundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas, así como presentar a avaliación de resultados que figura na estipulación décimo segunda.

SEXTA.-COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.

SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste convenio consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e polo presidente da Fundación, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

NOVENA.-GASTOS SUBVENCIONABLES. XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, é o 28 de novembro de 2026.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/a-mina-sede>

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas, evidencias (fotos, cartelería...) e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - 2.1. Unha relación clasificada e detallada dos gastos e investimentos de cada unha das actividades, con identificación do acredor, n.º da factura, importe con e sin iva, data de emisión, data de pagamento. Anexo II.
 - 2.2 As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.

3. Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a Fundación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, dende o 1 de xaneiro ata a data límite de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

DÉCIMA .- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificadores das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro, a Fundación deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades obxecto do convenio, de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

DÉCIMO TERCEIRA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención

cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO QUINTA.- CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica do tratamento dos datos persoais.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <http://www.currosenriquez.es/> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

DÉCIMO SEXTA.-VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMO SÉTIMA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa

física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO OITAVA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

Presidente da Fundación Curros
Enríquez

José López Campos

Antonio Puga Rodríguez

ANEXO I

1.- Programa escolar "Ven coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio"				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de deseño de publicidade, material informativo dixital ou en papel	79€	21€	100€
	Gastos derivados da organización das actividades	1.343€	357€	1.700€
	Subtotal	1.422€	378€	1.800€

2.- Roteiros culturais por Celanova e arredores				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de deseño de publicidade, material informativo dixital ou en papel	79€	21€	100€
	Gastos derivados da organización das actividades	316€	84€	400€
	Subtotal	395€	105€	500€

3.- Entrega Premio Celanova, Casa dos Poetas				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de deseño e impresión de publicidade e convites.	79€	21€	100€
	Gastos de contratación actuacións musicais	395€	105€	500€
	Gastos de contratación empresa de son	948€	252€	1.200€
	Adquisición do diploma e medalla que conforman o premio.	474€	126€	600€
	Arranxos florais e outros para acto.	79€	21€	100€
	Gastos derivados da organización das actividades	948€	252€	1.200€
	Subtotal	2.923€	777€	3700€

4.- Ludotecas para os máis pequenos				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de deseño e impresión de publicidade	39,50€	10,50€	50€
	Gastos de contratación empresa que aporte monitores e deseño das actividades	355,50€	94,50€	450€
	Subtotal	395€	105€	500€

5.- Presentacións de libros e audiovisuais				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de deseño e impresión de publicidade	237€	63€	300€
	Adquisición exemplares	395€	105€	500€
	Subtotal	632€	168€	800€

6.-Exposicións				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de deseño e impresión de publicidade	158€	42€	200€
	Gastos derivados da montaxe das mostras	790€	210€	1.000€
	Subtotal	948€	252€	1.200€

7.-Xornada dobre de convivencia "Curros Enríquez"				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de desprazamento dos centros escolares	720€	80€	800€
	Gastos de contratación empresa para actividades da xornada.	158€	42€	200€
	Subtotal	878€	122€	1.000€

8.- Encontro de xornalismo				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos derivados da organización das actividades para o encontro	158€	42€	200€
	Desprazamento e aloxamento dos participantes no encontro	237€	63€	300€
	Subtotal	395€	105€	500€

9.- Gastos de persoal da propia Fundación Curros Enríquez				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
	Gastos de nóminas no persoal fixo da entidade			5.000€
	Subtotal			5.000€

Total proxecto:				15.000€
------------------------	--	--	--	---------

Custo total do proxecto obxecto do convenio	Achega Xunta	Achega Fundación Curros
15.000,00€	15.000,00€	0,00€

ANEXO II

GASTOS ACTIVIDADE 1		CONCEPTO:						
DATA FACTURA	DATA PAGO	ACREEDOR	NIF	CONCEPTO FACTURA	Nº FACT.	IMPORTE	IMPORTE IVE	TOTAL
GASTOS ACTIVIDADE 2		CONCEPTO:						
DATA FACTURA	DATA PAGO	ACREEDOR	NIF	CONCEPTO FACTURA	Nº FACT.	IMPORTE	IMPORTE IVE	TOTAL
GASTOS ACTIVIDADE 3		CONCEPTO:						
DATA FACTURA	DATA PAGO	ACREEDOR	NIF	CONCEPTO FACTURA	Nº FACT.	IMPORTE	IMPORTE IVE	TOTAL

ACTIVIDADE	XUSTIFICACIÓN	ACHEGA PROPIA	ACHEGA XUNTA
1			
2			
3			
TOTAIS			